

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2016 | V.O. | TODOS OS PÚBLICOS

Omega (2016, 83')

Dirección: José Sánchez-Montes, Gervasio Iglesias

Guión: José Sánchez-Montes

Participación: Enrique Morente, Estrella Morente, Antonio Arias, Tomatito, Vicente Amigo, Alberto Manzano, Leonard Cohen

Montaxe: Mercedes Cantero, Pablo Rojo

Son: Mario Torres, José Antonio Manovel

Fotografía: Juan Manuel Carmona

Produtora: Sacromonte Films, Telecinco Cinema, Universal (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA DE JOSÉ SÁNCHEZ-MONTES

Tiempo de leyenda, 2010

Enrique Morente sueña

la Alhambra, 2005

FILMOGRAFÍA DE GERVASIO IGLESIAS

Underground, la ciudad

del arco iris, 2003

FESTIVALS

Beefeater In-edit (filme inaugural)

SINOPSE

Documental sobre o revolucionario disco de flamenco-rock *Omega*, composto polo mestre Enrique Morente e o grupo granadino Lagartija Nick en 1996. Un disco rompedor e de grande impacto no panorama musical español e internacional no que Morente adaptou temas do cantautor canadiano Leonard Cohen e puxo música a poemas de Federico García Lorca.

«Este filme testifica dignamente sobre a xenialidade dun traballo que sufriu mezquindades e incompreensións antes e despois de chegar ás tendas.»

Yago García. CINEMANÍA



«Sabíase que algo grande ía pasar»

Entrevista a José Sánchez-Montes

Por Brígida Gallego Coín

20 anos de Omega e continúa a ser vangarda. O certo é que cando Enrique Morente e Lagartija Nick empezaron este proxecto xa se sabía que algo grande ía pasar. Enrique levaba moitos anos traballando noutros sons máis alá dos que tan ben coñecía do flamenco, e Lagartija non era un grupo sen sustancia, senón todo o contrario. Se a iso sumamos a Lorca, a Cohen... e a pioneiros como Jesús Arias, o asunto pintaba ben. E efectivamente, vinte anos despois de que se iniciara esta aventura seguimos ouvíndoa con sorpresa e admiración.

Imaxino a carga de emoción que debeu ser preparar o filme canda a súa familia e amigos e colaboradores máis próximos. Para min, que levo tantos anos de traballo con Enrique Morente e coa familia, resultoume moi emotivo.

Aínda non me afago a ver as imaxes gravadas durante máis de quince anos pensando que Enrique xa non está. Pero por outra parte foi unha caste de catarse para todos, tamén para a familia. Por vez primeira vimos rir e gozar vendo vídeos dunha época que desde logo estrañan.

O máis difícil á hora de preparar o traballo? Tentar ter obxectividade sobre algo que teña que ver con Enrique.

E esa distancia sempre debe existir entre creador e protagonista. Un dos obxectivos era que no filme se dixera o menos posíbel que era un xenio, demasiados eloxios sempre restan verdade e ademais neste caso son innecesarios porque... non hai máis ca velo e ouvílo.

Algunha anécdota especial. O marabilloso e sorprendente que foi atopar as imaxes dos primeiros ensaios en Armilla. Chamei a Ángel Arias que tiña unha cinta na que só puña Morente e alí estaban todos, recién chegados ao estudio de gravación, coas caras de sorpresa e as conversas e discusións que aparecen.

Publicado en www.diariodecadiz.es/
Tradución de Xan Gómez Viñas

«Logo de escoitar ‘Omega’ envieille dúas ducias de rosas vermellas»

Por Leonard Cohen

Moitos, moitos anos atrás, pero lémbroo ben, topei cun libro do poeta Federico García Lorca nunha librería de vello de Montreal. Debía ter eu quince ou dezaseis anos. Nese libro atopei algo que resoaba no meu corazón, un mundo que me resultaba moi familiar, un universo que, sen sabelo, eu xa habitaba: «*Por el arco de Elvira / quiero verte pasar / para sufrir tus muslos / y ponerme a llorar*». Sentín que naqueles versos tan accesíbeis estaba a razón de ser da linguaxe e, desde ese momento, considero a Lorca como o meu irmán. En certo xeito, el levoume ao mundo da poesía. El educoume. A excepción dun poema escrito por un canadano durante a Primeira Guerra Mundial, ningún outro poeta me tocara tan profundamente. Así foi como Lorca arruinou a miña vida, porque unha vez que coñecín a existencia desta paisaxe que Lorca tiña establecida, quixen permanecer nel toda a miña vida. Xa non houbo posibilidade de retorno. Lorca mudara a miña maneira de ser e de pensar dun xeito radical. Por iso estou orgulloso de ter feito esa adaptación do poema *Pequeño vals vienés, Take this Waltz*, unha homenaxe que me tomei moi en serio. Quería dar algo a cambio (...) Coido que foi a inicios dos noventa cando volví de xira por España e o meu amigo Alberto Manzano me presentou ao mestre Enrique Morente no bar dun hotel de Madrid onde Lorca soía ir beber. Así que lle presentamos os nosos respectos. Faloume de que quería facer un disco coas miñas cancións, o cal pareceume incríbel e marabilloso. Ninguén fixera nunca iso por min. Sentíame moi conmovido de que un artista tan grande como Morente quixera levar as miñas cancións ao flamenco. O feito de que ver que había unha realidade flamenca nas miñas cancións conmoveume profundamente. Morente é un experimentador nato, un auténtico innovador que incorporou elementos do jazz, do folk e do rock á súa obra. Logo de escoitar *Omega* envieille dúas ducias de rosas vermellas.

Publicado en *Omega. Biografía oral del álbum que unió a Enrique Morente, Lagartija Nick, Leonard Cohen y Federico García Lorca* (Ed. Lengua de Trapo). Tradución de Xan Gómez Viñas.

NA LIBRARÍA NUMAX

OMEGA: Historia oral del álbum que unió a Enrique Morente, Lagartija Nick, Leonard Cohen y Federico García Lorca, Bruno Galindo. Lengua de Trapo, 2011

Leonard Cohen, Lorca, el flamenco y el judío errante, Alberto Manzano. Alfabia, 2012

Universo Morente, VV. AA. TF Editores, 2014

El jardín del flamenco, Juan Verdú. Alfabia, 2015

Historia social del flamenco, Alfredo Grimaldos. Península, 2010

Flamencos, José María Goicoechea & José Manuel Gómez. Rey Lear, 2013

En Granada es posible, María José Martín & Cristina Martín. Lasdelcine [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME